



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE XUÑO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 27 de xuño de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a María Rodríguez Gómez e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

OBRAS E SERVIZOS

1º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

1.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, aos seguintes solicitantes:



Concello de Cangas

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
M.R.D (administrador da CC.PP. "Rotea 65")	Estrada de Aldán, nº 65-Aldán. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

1.B) INFORME-PROPOSTA DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN NA AVENIDA MÉNDEZ NÚÑEZ E PRAZA DO SEÑAL

Visto o informe-proposta da Policía Local, realizado o día 27.06.2016, referente a diversa sinalización na Avenida de Méndez Núñez e na Praza do Señal, que é como segue:

"A Xefatura da Policía Local de Cangas por medio do presente informe propón a seguinte sinalización:

1.- RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ/PO-551.- Colocación de zona verde na confluencia coa PO-551 delimitando un carril de acceso, tal e como se reflicte no deseño que se achega e contando xa con autorización de Estradas de Galicia, logo de xestionar desde este departamento policial e presentarlles documentación ao respecto.

2.- RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ.- Colocación de sinal na entrada da mesma de zona preferente peonil restrinxindo o acceso e estacionamento para residentes e autorizados, agás días laborais de 8,00 a 21,00 horas, coincidindo co horario comercial, na que se permitirá o acceso e aparcamento tamén ao resto de vehículos.

No tramo final desta na confluencia coa rúa San Francisco, pintado de un paso peonil e zona de exclusión de estacionamento evitando o funil que dificulta actualmente a circulación de vehículos e de peóns, así como zona de carga e descarga os días laborais de 8,00 a 22,00 horas (tal e como reflicte no deseño achegado), coa finalidade de que ésta non se faga na praza do Señal.

3.- PRAZA DO SEÑAL.- Permitir só a circulación nun só sentido de saída cara á rúa Méndez Núñez, xa que o dobre sentido actual e a intensa actividade peonil orixina problemas circulatorios. Polo tanto, debe ser colocada sinal de dirección prohibida na confluencia de M. Núñez coa praza do Señal, o que vai mellorar notablemente o disfrute deste contorno por parte da vecindade e visitantes".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar os puntos 2 e 3 do informe-proposta da Policía Local transcrito anteriormente. Con referencia ao punto 1 se acorda deixalo sobre a mesa pendente de mellor estudo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica, así como á concellería de Servizos.

2º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA S/PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVICIOS DE TEMPADA EN TERREOS PRIVADOS EN ZONA DE SERVIDUME-2016

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 03.07.2016, referente ao plan de ocupación con servizos de tempada en terreos privados en zona de servidume-2016, que di o seguinte:

"O alcalde-presidente, propón á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:

• Primeiro.- *Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán-2016, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Cumprindo coas condicións do anexo.*

• Segundo.- *Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

1.- J.O.O., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia de AREABRAVA-O HÍO, Cangas.

2.- A.M.F., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia ARNELES-O HÍO, Cangas.

3.- A.V.P.H., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia de LIMÉNS-O HÍO, Cangas.

4.- A.P.M., para a instalación de un quiosco de 15,00 m2., no lugar de praia de CASTIÑEIRAS-PINTÉNS-O HÍO, Cangas.

5.- J.R.F.B., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia MENDUÍÑA-ALDÁN, Cangas.



Concello de Cangas

6.- S.J.C., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de AREACOVA-ALDÁN, Cangas.

7.- I.O.O., para a instalación de un quiosco de 15,00 m²., no lugar de praia de NERGA-O HÍO, Cangas.

8.- M.C.F., para a instalación de un quiosco de 12,00 m²., no lugar de praia AREABRAVA-O HÍO, Cangas.

9.- E.F.M.S., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de VIÑÓ-NERGA-O HÍO, Cangas.

10.- B.S.C., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de VIÑÓ-NERGA-O HÍO, Cangas.

11.- E.M.V., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de PINTÉNS-O HÍO, Cangas.

12.- A.M.F., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de PINTÉNS-O HÍO, Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar as seguintes solicitudes para a instalación de quioscos desmontables de tempada en zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre:

1.- J.O.O., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de AREABRAVA-O HÍO, Cangas.

2.- A.M.F., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia ARNELES-O HÍO, Cangas.

3.- A.V.P.H., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de LIMÉNS-O HÍO, Cangas.

4.- A.P.M., para a instalación de un quiosco de 15,00 m²., no lugar de praia de CASTIÑEIRAS-PINTÉNS-O HÍO, Cangas.

5.- J.R.F.B., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia MENDUIÑA-ALDÁN, Cangas.



Concello de Cangas

6.- S.J.C., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de AREACOVA-ALDÁN, Cangas.

7.- I.O.O., para a instalación de un quiosco de 15,00 m²., no lugar de praia de NERGA-O HÍO, Cangas.

8.- M.C.F., para a instalación de un quiosco de 12,00 m²., no lugar de praia AREABRAVA-O HÍO, Cangas.

11.- E.M.V., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de PINTÉNS-O HÍO, Cangas.

12.- A.M.F., para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de PINTÉNS-O HÍO, Cangas.

A N E X O

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes:

CONDICIÓNS

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10.00 ata as 22.00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización municipal é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, puidéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de sumidoiros xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada transcorridos 15 días desde a súa extinción.



Concello de Cangas

9º.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro do 2016.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no R.d. 2817/83, de 13 de outubro e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

14º.- Advírteselle ao interesado que no caso de instalación de terraza sen cumprimento dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o Concello estime oportunas”.

Segundo.- Deixar sobre a mesa, pendentes de mellor estudo as solicitudes de licenza de apertura seguintes:

9.- E.F.M.S., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia de VIÑÓ-NERGA-O HIO, Cangas.

10.- B.S.C., para a instalación de un quiosco de 20,00 m2., no lugar de praia de VIÑÓ-NERGA-O HÍO, Cangas.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, así como aos departamentos de Intervención, Estatística e Xestión de Ingresos.

3º.- SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

3.A) SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

Vista a solicitude presentada o día 31.05.2016 por S.P.D. (CAFETERÍA “LA MEDIEVAL”), na que demanda a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras no lugar de Rúa Real, nº 58-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Que por parte da inspección municipal se proceda a emitir informe de medición da beirarrúa sita enfronte do local CAFETERÍA "LA MEDIEVAL", sito en Rúa Real, nº 58-Cangas.

URBANISMO E PATRIMONIO

4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 23 DE XUÑO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:



Concello de Cangas

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.706.- A A.O.T, con enderezo en lugar de Contrasto, s/n-Torneiros-O Porriño, para en Baixada á Praia de Arneles-O Hío, en solo rústico e solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 13 e 11, realizar muro de contención de parcela e nivelación de 231,65 de movemento de terras e 31,10 m²., de muro de contención, de conformidade coa documentación presentada en outubro de 2015.

EXPEDIENTE Nº 25.894.- A Montajes Hermanos Ramallo, SL, denegar a legalización de anexos para almacén e marquesiña de nave existente en Alto da Portela-Anguieiro-Darbo, segundo o proxecto básico elaborado polo arquitecto J.R.L, visado en data 28.01.2016, ao non estar aprobada a equidistribución nin o proxecto de urbanización do ámbito, visto o informe do arquitecto municipal de data 20.05.2016 e da xefa do Servizo de Urbanismo de data 20.06.2016.



Concello de Cangas

4.A.2) EXPEDIENTES SOBRE A MESA

EXPEDIENTE Nº 25.682.- A PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012, SL, con enderezo en Balea, nº 65-San Vicente-O Grove, para en rúa Davil Cal, nº 18-Vilariño, en solo urbano, regulado pola ordenanza 5, construír un edificio composto de 160,75 m²., de planta baixa, 169,60 m²., de primeiro andar, outro tantos de segundo andar, 124,03 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 51,70 m²., de terrazas, co proxecto básico redactado polo arquitecto J.A.F de Navia Osorio, de data marzo de 2015 e planos modificados de data 02.10.2015, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

4.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.7 67.- A UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para no lugar da Insua-Arneles-O Hío, executar 27,00 metros de canalización de rede de



Concello de Cangas

baixa tensión soterrada, de conformidade co proxecto SGD 248315080133, de data 17 de novembro de 2.015, e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.963.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., para no lugar dos Carballeiros - Gandón- Aldán, executar 13,00 metros de canalización de rede de baixa tensión soterrada, de conformidade co proxecto SGD 248316020035, de data 12 de maio de 2.016, e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.



Concello de Cangas

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

- * Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.
- * Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de dous mil cincocentos cinco euros con vinte e dous céntimos (2.505,22 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

- *Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.
- *Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.774.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para no Barrio de Ameixide-Pinténs-O Hío, executar 18,00 metros de canalización de rede de baixa tensión soterrada, de conformidade co proxecto SGD 248315080122, de data 23 de novembro de 2015, e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

- * Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.712.- A M.L.G., para acondicionamento de terraplén existente, en lugar do Viso, nº 2-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.872.- A J.A.B.C., para obras de conservación e mantemento de vivenda en en Longán, nº 85B-Coiro-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.940.- A HELP SERVICIOS NOROESTE, S.L., para instalación de caseta desmontable non permanente na Boubeta, nº 26-Coiro.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.971.- A M.V.P.M., para reparacións de paramentos interiores e exteriores e cuberta de edificación existente, en Lagar, nº 29-O Igrexario-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.982.- A.P.B., para cerramento de parcela sita na Garita, nº 32-Rodeira-Coiro.

FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Solicitada devolución de garantía constituída por Villasenín, SA, no expediente de contratación do "SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA OS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA", dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/2014 e 2014/2015.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal en data 21 de marzo de 2016, que literalmente di:

"Solicitado informe a esta Secretaría sobre a posibilidade de proceder á devolución de garantía constituída por Villasenín, SA, no expediente de contratación do 'SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA OS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA', dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/2014 e 2014/2015.

INFORMO:

Visto o informe emitido polo Director do Centro Municipal de Benestar Social de 25 de febreiro de 2015 que literalmente di:

'Que a empresa 'Villasenín, SA', prestou servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros escolares CEIP Nazaret Cangas, CEIP Espiñeira Aldán e CEIP A Rúa, durante o curso escolar 2013-2014, desde o 11 de setembro de 2013 ata o 20 de xuño de 2014 e durante o curso escolar 2014/2015, desde o 10 de setembro de 2014 ao 19 de xuño de 2015'.

Visto que o artigo 31 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato establece literalmente que: 'O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a administración poderá



Concello de Cangas

comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista'.

Visto que aínda non transcorreu un ano desde a data de recepción do traballo, dado que o contrato rematou o 19 de xuño de 2015, segundo a Orde do 13 de xuño de 2014, pola que se aproba o calendario escolar en Galicia para o curso 2104/2015, non procede a data de hoxe a devolución do aval constituído por Villasenín, SA, por importe de seis mil oitocentos tres euros con doce céntimos (6.803,12 €) en concepto de garantía definitiva."

Visto que xa transcorreu un ano desde a data de finalización dos traballos realizados pola empresa Villasenín, SA, no marco do contrato referenciado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade co disposto no informe de Secretaría, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
VILLASENÍN, SA	AVAL	6.803,12 €	SERVIZO DE CATERING E PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDORES ESCOLARES EN CEIP NAZARET, ESPÍNEIRA E A RÚA (CURSO 2013/2014 E CURSO 2014/2015)

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 125/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

Dase conta de sentenza nº 125/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 330/2015, promovida por "TORRUF INTERNACIONAL, SL."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 125/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 330/2015, promovida por "TORRUF INTERNACIONAL, SL."



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

ENSINO E DEPORTE

8º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS

Dase conta de proposta do día 23.06.2016 do concelleiro de Ensino e Deporte, referente ao inicio de expediente de contratación dos servizos docentes e técnicos e actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE

Vista a necesidade de licitar novamente os servizos necesarios para o funcionamento da instalación da piscina cuberta municipal dado que o contrato actualmente en vigor rematará o vindeiro día 3 de setembro non sendo procedente a súa prórroga, por ser necesario modificar os termos do contrato aos efectos de contemplar neste necesidades novas postas de manifesto durante o primeiro ano de funcionamento da piscina.

Tendo en conta que o Concello de Cangas non dispón de recursos propios suficientes, nin humanos nin técnicos, para desempeñar tal actividade mediante xestión directa, faise preciso a contratación dun servizo docente e técnico para prestar o servizo de piscina así como a prestación das correspondentes actividades deportivas.

A contratación debe englobar a prestación dos servizos técnicos docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas deportivas, o servizo de socorrismo, atención e control dos usuarios, así como os de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia, da piscina cuberta do Concello de Cangas, a prestación dos servizos de profesionais técnico docentes, monitores e profesores para impartir distintas ensinanzas e actividades deportivas en sala, así como o mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva existentes na instalación. Vista a necesidade de que o expediente de contratación estea rematado antes do inicio do curso escolar, polo que será preciso que o procedemento se tramite con carácter de urxencia.

Por todo o que antecede, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato dos servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta do Concello de Cangas por procedemento aberto e tramitación urxente.

SEGUNDO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que por Intervención se faga a retención de crédito que confirme que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a sinatura deste contrato e que emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO.- Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Ensino e Deporte, referente ao inicio de expediente de contratación dos servizos docentes e técnicos e actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

9º.- DACIÓN DE CONTA DO TRASLADO PROVISIONAL DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de resolución da Alcaldía do día 22.06.2016, referente ao traslado provisional de postos de venda ambulante, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: TRASLADO PROVISIONAL DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Con base no interese municipal e a necesidade do Concello de facer uso do espazo do contorno da Pista Deportiva de Ojea, para a instalación de unha carpa para un evento o venres día 1 de xullo.

E segundo o disposto no Artigo 4.4 da Ordenanza municipal de venda ambulante, onde se indica: 'O Concello poderá modificar o emprazamento do mercado por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución da Alcaldía ou, de ser o caso, acordo da Xunta de Goberno. En todo caso, o recinto deberá reunir as condicións de limpeza, hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.'



Concello de Cangas

RESOLVO:

Requirir aos seguintes titulares de postos de venda ambulante, que a partir do venres día 1 de xullo recoloquen os postos nos emprazamentos que a conserxe do Mercado lle indique, cumprindo co interese municipal que determina a presente resolución.

<i>Nº posto</i>	<i>Apelidos e nome</i>	<i>Actividade</i>	<i>Días Mercado</i>	<i>Metros Sinatura</i>
17	C.G.M	TEXTIL	MARTES E VENRES	M7-V6
60	S.S.F	TEXTIL	VENRES	5
71	J.S.R	TEXTIL	VENRES	4
74	S.T.M.T	TEXTIL	VENRES	6
77	S.J. A	CALZADO	VENRES	6
80	B.R.J	TEXTIL	VENRES	8
83	F.M	MARROQUINERÍA	VENRES	6
86	J.S.P	TEXTIL	VENRES	4
100	G.G.G	TEXTIL	VENRES	10
137	D.E.H	TEXTIL-alfombras	VENRES	8".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao traslado provisional de postos de venda ambulante.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente